

Basílio Losada: “Con Arcadio López Casanova cometéronse moitas inxusticias”

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

(2011 [1984]). “Basilio Losada: ‘Con Arcadio López Casanova cometéronse moitas inxusticias’”. *La Voz de Galicia*. “Cuaderno de Cultura”: 17 de maio. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/662>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

(1984). “Basilio Losada: ‘Con Arcadio López Casanova cometéronse moitas inxusticias’”. *La Voz de Galicia*. “Cuaderno de Cultura”: 17 de maio.

* Edición dispoñible desde o 18 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Basilio Losada

«Con Arcadio López Casanova cometérónse moitas inxusticias»



Basilio Losada

Basilio Losada é un dos xurados permanentes dos Premios da Crítica. Bieito Ledo, presidente do Círculo Ourenseño-Vigués, di que é como o noso embaixador noutro ámeto cultural e que está ben que venías e vaias e que leves e traías novas da cultura. Basilio é un home dacabalo entrámbalas duas culturas. Correnta anos en Cataluña mirean o seu cíclo persoal. «Eu fago o posible para que a literatura galega sexa coñecida fora de Galicia», confesa.

A Basilio, como a tantos dos presentes na última cea dos Premios da Crítica, non lle parecéu moi acertado deixar deserto o de Investigación, a mais polas razóns aportadas. Vinda que non houbera —que sí que había— a quien premiar ese ano, non fallan obras, vidas e labores de conxunto, que ben poideron ser gabadas.

«Nas bases non se contempla que os premios queden desertos, pero tampouco se prohíbe. Eu non quixera meterme na decisión doutros xurados, anque penso que en Galicia hai xente que mesmo que este ano non fixera nada concreto dunha relevancia especial, leva moitos anos traballando nos eidos da investigación e ainda non reciberon un premio, nin un recoñecemento, nin moitas veces se lles deron as gracias. Houbera sido unha boa

ocasión este ano. O problema dos premios e que nun ano pode chegar unha ducia de boas obras, e noutro ningunha.»

«Eu veño dun mundo cultural no que se lle da moita importancia a festa da cultura. Por un día esquénçense das liortas dos partidos. Toda Cataluña, coas súas autoridades ó frente, vai darlle un recoñecemento maioritario aos que o longo do ano traballan pola cultura e pola terra. Ese é o valor destes actos: ver xuntas ás autoridades de Galicia, aos creadores e aos devotos da cultura na función de festa. Nese senso, ogallá se institucionalizaron ainda máis, e o recoñecemento os creadores tuveran máis recoñecemento.»

Basilio Losada opina, doutra banda, que quedan áinda en Galicia moitas actividades por premiar. No eido da creación literaria entende que ese premio deberase dividir en narrativa, poesía e teatro. «Non son premios que leven dotación económica, épor qué non conceder un premio de poesía e outro de narrativa?», insiste.

Falamos de Arcadio López Casanova, o poeta lugués, tantos anos veciño da beira-mar do Mediterráneo, premiado este ano en Vigo, no eido da poesía (enténdase da Creación Literaria) polo seu libro «Litúrxia do corpo».

«Arcadio —apunta Losada— está nunha fecunda madurez. Está facendo unha obra persoal, traballada teimadamente, porque él é un gran técnico da poesía. Constrúe cun rigor milimétrico, e un gran domeador da palabra. Ten un mundo propio e unha lingua para expresala, polo que se está convertindo nun dos grandes poetas da poesía de sempre. O que pasa é que leva moito tempo fora, e os que estamos fora sabemos ata que punto vaise diluindo a imaxe na obra. Con Arcadio López Casanova cometérónse moitas inxusticias, en parte reparadas hoxe con este recoñecemento a súa obra. Non só por este libro, senón por unha obra longa, de moitos anos.

—Non excesivamente comentada en Galicia.

—Sí, porque está fora, porque non ven ás tertulias, aos actos coa prensa de aquí.

—Tamién pode ser que fixo pouca poesía militante.

—Exactamente: houbo un momento en que se esixía aos poetas que deran o mitín. Facer poesía civil paréceme moi ben. E ten unha tradición longuíssima, dende Grecia, dende templos de Tirteo. Pero excluír, afastar sistemáticamente a un poeta porque non faga poesía deste xeito, paréceme un erro.